

A razón da fouce

Desenrugábanse as horas da mañá, na que din a capital do mundo. Quecía o café na Cociña e polas ventás dos apartamentos entraba a lingua do día. Era o día once de marzo, un día máis no calendario. Unha extensión do luns que nos lembraba o comezo da semana. As grandes cidades nunca dormen. Nova York, non é ese crisol de razas que conviven cada día (puro camelo). Pero si é esa mestura de xente e de relixións que non ten máis remedio que convivir cada día. O mesmo escoitas ás oito da noite unha beata rezar o santo rosario, como escoitas nun balcón de calquera apartamento as voces dun árabe que reza ás tres da mañá de xeonllos nunha alfombra cara á Meca. Pero Nova York, sente so e sofre como calquera cidade do mundo. O espertar do día once de marzo sorprendeunos de sangue, porque aqueles que madrugaron máis, sentiron o fría dolor dun coitelo xeadado, e foron mensaxeiros da dolor transmitida como un virus electrónico de boca a boca e a golpe de

Nova York